Dirección Xeral de Formación Profesional

Admisión Formación Profesional 2026-2027

- FP Básica

Instrucións xerais

Lembre que a normativa prevalece sobre calquera información. Este documento contén información de carácter xeral extraída da normativa, polo que calquera dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vixente.

Versión 1 (01/06/2026)

Índice

1 Introdución....3
2 Procedemento de incorporación a ciclo formativo de grao básico....3
2.1 Alumnado de 2º de ESO....3
2.1.1 Elaboración do consello orientador....3
2.1.2 Carga na aplicación da relación inicial de alumnado....4
2.1.3 Revisión e autorización pola Inspección Educativa da relación inicial de alumnado....4
2.1.4 Relación final de alumnado para incorporar a un ciclo formativo de grao básico....4
2.2 Alumnado de 3º ou 4º de ESO....4
2.3 Alumnado non escolarizado....5
3 Presentación de solicitudes....5
3.1 Alumnado escolarizado na ESO....5
3.2 Alumnado non escolarizado na ESO....5
3.3 Carga da solicitude....5
4 Postos escolares dispoñibles e distribución de prazas....6
5 Procedemento de adxudicación de prazas....6
5.1 Criterios de desempate....7
5.2 Admisión do alumnado....7
6 Consulta de información do procedemento de admisión....7
7 Resolución provisional de solicitudes e reclamacións....7
7.1 Período de reclamación contra a resolución provisional de solicitudes....7
8 Resolución definitiva de solicitudes....8
9 Adxudicación e matrícula....8
10 Liberación de prazas....8
11 Adxudicación continuada....8
12 Procedemento de matrícula....9
12.1 Matrícula de persoas con praza adxudicada....9
12.2 Matrícula de persoas que solicitan prazas liberadas....9
13 Alumnado con praza garantida....9
13.1 Alumnado que repita 1º curso....9
13.2 Alumnado que acade a promoción ou que repita o 2º curso....10
14 Alumnado sen praza garantida....10
14.1 Alumnado que repite curso no mesmo ciclo pero cambiando de centro....10
14.2 Alumnado que cursou un ciclo formativo de grao básico e quere cambiar a un ciclo formativo de grao básico diferente....10
14.3 Alumnado que promove a 2º curso nun centro diferente....10

1 Introdución

Estas instrucións xerais detallan o proceso de admisión a ciclos formativos de grao básico para aquelas persoas que desexen incorporarse a estas ensinanzas e reúnan os requisitos de acceso:

- Alumnado que estea cursando 2º de ESO que faga 15 ou 16 anos no ano natural de inicio do ciclo formativo de grao básico se, **excepcionalmente**, é proposto polo centro educativo para a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico.
- Alumnado que estea cursando 3º ou 4º de ESO que solicite por petición propia, xunto cos seus pais, nais ou persoas titoras, a incorporación a un ciclo formativo de grao básico.
- Alumnado que repita 1º curso e alumnado que acade promoción ou repita 2º curso dun ciclo formativo de grao básico.
- Persoas non escolarizadas no sistema educativo que, cumprindo os requisitos legalmente establecidos (non posuír titulación de formación profesional nin outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos e que como máximo faga 20 anos no ano natural de inicio do ciclo formativo), desexa incorporarse a estas ensinanzas.

Como novidade para o curso 2026-2027 e dentro do marco do Plan FPGal360, de orientación profesional integral, implántase o Itinerario formativo de grao básico a grao medio no ciclo formativo de grao básico de Cociña e restauración no CIFP Compostela. O alumnado que remate esta ensinanza terá praza garantida no ciclo medio de Cociña e gastronomía ou no ciclo medio de Servizos en restauración ofertado no mesmo centro educativo, sen necesidade de participar nun novo proceso de admisión.

2 Procedemento de incorporación a ciclo formativo de grao básico

O proceso de admisión ás ensinanzas de formación profesional básica implica unha serie de actuacións coordinadas polo centro educativo no que está matriculado o alumnado, que á súa vez fará un labor de acompañamento no proceso, e que se concreta en varios pasos que se describen a continuación.

Nos centros privados, as funcións da dirección entenderase que serán realizadas pola persoa titular desta, e as funcións do xefe ou a xefa do departamento de orientación serán realizadas, de ser o caso, pola persoa que realice tarefas de información e/ou orientación.

2.1 Alumnado de 2º de ESO

O equipo docente dos grupos de 2º de ESO con **alumnado con perfil académico e vocacional axeitado para ser proposto para realizar ciclos formativos de grao básico**, xunto co xefe ou a xefa do departamento de orientación, realizarán unha reunión na que se analice a situación escolar do alumnado en risco de non alcanzar o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Nesta reunión establecerase unha **relación inicial** de alumnado susceptible de se incorporar ás ensinanzas de formación profesional básica, que será asinada por todo o equipo docente e o xefe ou a xefa do departamento de orientación. Esta reunión poderá realizarse ata o **15 de xuño**.

2.1.1 Elaboración do consello orientador

O titor ou a titora elaborará para cada alumno ou alumna o consello orientador, segundo o modelo do anexo II da Orde do 13 de xuño do 2015, coa axuda do xefe ou a xefa do departamento de orientación, no cal se fará constar:

- O grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias que xustifiquen a proposta.
- As dificultades de aprendizaxe presentadas.

- As medidas de atención á diversidade aplicadas, de ser o caso.
- Os motivos razoados polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno ou a alumna se integren nun ciclo formativo de grao básico.

O consello orientador emitirase por duplicado e irá asinado, en nome do equipo docente, polo titor ou a titora do alumno ou da alumna, polo xefe ou a xefa do departamento de orientación, e pola persoa encargada da dirección do centro educativo.

Un exemplar do consello orientador e, de ser o caso, do documento de consentimento incluirase no expediente académico.

2.1.2 Carga na aplicación da relación inicial de alumnado

Os datos da relación inicial de alumnado proposto para ser incorporado a ciclos formativos de grao básico serán cargados, xunto co consello orientador, na aplicación Ciclosadmisión ata o **15 de xuño ás 14 horas**, e pasarán a estar dispoñibles para a súa revisión pola Inspección Educativa.

2.1.3 Revisión e autorización pola Inspección Educativa da relación inicial de alumnado

A Inspección Educativa do centro de orixe autorizará ou rexeitará individualmente ao alumnado que pasará a formar parte da proposta definitiva de alumnado procedente de 2º de ESO para incorporarse a un ciclo formativo de grao básico. Farase na aplicación Ciclosadmisión os días **16 e 17 de xuño**.

2.1.4 Relación final de alumnado para incorporar a un ciclo formativo de grao básico

Na **sesión de avaliación final** do alumnado de 2º curso de educación secundaria obrigatoria establecerase a **relación final de alumnado** susceptible de se incorporar ás ensinanzas de formación profesional básica, que será asinada por todo o equipo docente e o xefe ou a xefa do departamento de orientación.

Durante o prazo de presentación de solicitudes e antes da carga destas na aplicación Ciclosadmisión:

- A dirección do centro comunicaralles ao pai, á nai ou ás persoas titoras legais do alumno ou da alumna que este/a foi proposto/a para un ciclo formativo de grao básico, e entregará un exemplar do consello orientador e o documento no cal, de ser o caso, darán o consentimento para incorporar o alumno ou á alumna a estas ensinanzas (anexo III da Orde do 13 de xullo de 2015).
- O departamento de orientación colaborará coa dirección do centro para informar ao alumnado proposto e ás súas familias sobre os ciclos formativos de grao básico.
- O documento de consentimento deberá estar debidamente cuberto e asinado por calquera das persoas titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio, será necesaria a sinatura de ambos os dous proxenitores, agás nos supostos de alumnado afectado por situacións de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. Nestes casos, será necesario presentar, xunto co documento, a resolución xudicial correspondente para que o centro educativo a cotexe. De non entregar este documento no prazo que se estableza, entenderase que non dan o consentimento.
- No caso de que o pai, a nai ou as persoas titoras legais do alumno ou da alumna dean o consentimento para o/a incorporar a estas ensinanzas, a dirección do centro educativo entregaralles por duplicado o documento de comunicación de incorporación á formación profesional básica segundo o modelo do anexo IV.

2.2 Alumnado de 3º ou 4º de ESO

O alumnado procedente de 3º ou de 4º de ESO que desexe solicitar por petición propia, xunto cos seus pais, nais ou persoas titoras, a incorporación a un ciclo formativo de grao básico, deberá facer a

solicitude no seu centro de orixe, no prazo de presentación de solicitudes establecido. O centro facilitará a información e a documentación necesaria, e asesorará este alumnado no proceso de realización da solicitude.

2.3 Alumnado non escolarizado

O alumnado que non estea escolarizado no sistema educativo e desexe incorporarse a un ciclo formativo de grao básico deberá facer a **solicitude no centro no que se oferta** o ciclo do seu interese no prazo de presentación de solicitudes establecido. O centro facilitará a información e a documentación necesaria, e asesorará a este alumnado no proceso de realización da solicitude. Se a persoa solicitante é menor de idade, a solicitude deberá asinarse polo pai, a nai ou persoas titoras.

3 Presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será desde o **15 de xuño ás 9:00 horas ata** o **30 de xuño ás 13:00 horas**. Os centros educativos disporán ata as 14:00 horas do día 30 de xuño para cargar as solicitudes na aplicación Ciclosadmisión.

O alumnado que estea escolarizado en 2º, 3º ou 4º da ESO presentará a solicitude do **22 de xuño ás 9:00 horas ata** o **30 de xuño ás 13:00 horas**. Os centros educativos disporán ata as 14:00 horas do día 30 de xuño para cargar as solicitudes na aplicación Ciclosadmisión.

3.1 Alumnado escolarizado na ESO

O centro no que estea escolarizada a persoa solicitante (en adiante centro de orixe) será o encargado de recoller e cargar os datos da solicitude de admisión e matrícula, segundo o modelo do anexo I da Orde do 13 de xullo de 2015, na aplicación informática Ciclosadmisión nos seguintes casos:

- **Alumnado escolarizado en 2º de ESO** proposto para a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico e autorizado pola inspección educativa (ningunha persoa que estea cursando 2º ESO pode solicitar por iniciativa propia a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico).
- **Alumnado escolarizado en 3º e 4º de ESO** que por iniciativa propia, solicite a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico.

3.2 Alumnado non escolarizado na ESO

O centro de destino é o encargado de recoller e cargar os datos da solicitude de admisión e matrícula, segundo o modelo do anexo I da Orde do 13 de xullo de 2015, na aplicación informática Ciclosadmisión nos seguintes casos:

- Alumnado que non estea escolarizado na ESO e cumpra os requisitos de acceso aos ciclos formativos de grao básico.
- Alumnado procedente doutra comunidade autónoma proposto polo centro no que cursou a ESO para incorporarse a un ciclo formativo de grao básico e decida solicitar este en Galicia.
- Alumnado repetidor de primeiro curso dun ciclo formativo de grao básico no mesmo centro.
- Alumnado con 16 anos feitos no período de presentación de solicitudes de admisión que repita primeiro curso do ciclo formativo básico pero decida solicitar un ciclo formativo de grao básico diferente para o curso 2026-2027.

3.3 Carga da solicitude

O centro educativo completará a carga das solicitudes de admisión a ciclos formativos de grao básico (anexo I) na aplicación e fará entrega do resgardo de solicitude á persoa solicitante. Na aplicación **faranse constar catro ciclos de grao básico por orde de preferencia**.

En todas as solicitudes **é imprescindible consignar un/s teléfono/s de contacto** da persoa solicitante ou dos seus representantes legais. Coa carga de cada solicitude, de alumnado tanto escolarizado como non escolarizado, debe subirse á aplicación a seguinte documentación escaneada:

- Documento oficial de identidade, DNI ou NIE.
- Certificado de discapacidade, no caso de participar no proceso de admisión pola reserva para persoas con discapacidade e se se dá algunha das seguintes situacións:
  - Non autorizar a consulta dos datos relativos ao certificado de discapacidade en poder da Administración autonómica de Galicia, de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.
  - Se o órgano competente para emitir o certificado de discapacidade non pertence á Administración autonómica de Galicia.

Da aplicación descargarase un resgardo de solicitude con dúas copias, unha para o centro e outra para a persoa solicitante (cun código de solicitude), que será selado, datado e entregado á persoa solicitante ou ás súas persoas representantes, como documentación acreditativa da presentación da solicitude. O código de solicitude deste resgardo permitirá un acceso individualizado das persoas solicitantes aos seus datos persoais no proceso de admisión. Tamén permitirán a consulta individual das resolucións provisionais e definitivas de solicitudes admitidas e excluídas, e os resultados das adxudicacións nos períodos correspondentes.

Os resgardos da solicitude deberán ser asinados pola persoa solicitante. Se esta é menor de idade, ademais deberá ser asinado por calquera das persoas titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio, será necesaria a sinatura de ambos proxenitores, agás nos supostos de alumnado afectado por situacións de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. Nestes casos, será necesario presentar, xunto coa solicitude de admisión, a resolución xudicial correspondente para que o centro educativo a cotexe.

4 Postos escolares dispoñibles e distribución de prazas

Con carácter xeral, o número de postos escolares dispoñibles para cada ciclo formativo de grao básico é de dezaoito. Excepcionalmente, a xefatura territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que corresponda poderá modificar o límite establecido, considerando as posibilidades organizativas do centro.

Do total de postos escolares que se adxudiquen, reservarase o 10 % (dúas persoas por ciclo) para estudantes que teñan recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33 % debidamente acreditada.

O alumnado con necesidades educativas especiais que curse un ciclo formativo de grao básico incorporarase, con carácter xeral, co resto do alumnado matriculado no ciclo. Este alumnado, para os efectos de ocupar postos escolares, computará o dobre.

5 Procedemento de adxudicación de prazas

As prazas adxudicaranse conforme os seguintes criterios de prioridade:

- Alumnado que cursase 2º de ESO.
- Alumnado que cursase 3º de ESO.

- Alumnado que cursase 4º de ESO.
- Alumnado non escolarizado.

Dentro de cada grupo, ordenarase de menor a maior idade.

5.1 Criterios de desempate

En caso de empate entre varias persoas solicitantes por un mesmo posto escolar, e co obxectivo de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou de homes, seleccionarase en virtude do sexo menos representado na área profesional na que se demande a praza de formación.

Se logo de aplicados estes criterios se mantén o empate, este resolverase empregando como criterio de ordenación os derradeiros cinco díxitos do documento oficial de identidade (DOI).

5.2 Admisión do alumnado

A admisión do alumnado corresponde:

- Nos centros públicos, ao director ou á directora. Ademais, o consello escolar, de existir este órgano colexiado, debe emitir informe, consonte o disposto nos artigos 132.n) e 127.e) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Nos centros privados con ensinanzas concertadas, a admisión do alumnado correspóndelle a quen exerza a súa titularidade, e o consello escolar deberá garantir o cumprimento das normas xerais de admisión, consonte o disposto no artigo 57.c) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación. Con este fin, o referido consello escolar asesorará a quen exerza a titularidade do centro, que será responsable do cumprimento das citadas normas.

6 Consulta de información do procedemento de admisión

A consulta de toda a información do proceso poderá facerse na páxina web http://www.edu.xunta.gal/fp, no centro de orixe ou naquel no que se teña adxudicada a praza. A aplicación Ciclosadmisión permitirá a consulta individualizada de información durante todo o proceso e especialmente durante os períodos correspondentes ás resolucións de solicitudes admitidas e excluídas, e de adxudicación. Para a consulta da situación individual poderase usar o DOI e o código da solicitude, usuario e contrasinal de edu.xunta.gal, chave 365 ou certificado dixital.

7 Resolución provisional de solicitudes e reclamacións

O día **3 de xullo** poderase consultar de xeito individualizado a información da resolución provisional de solicitudes para cursar ciclos formativos de grao básico. No caso de solicitudes excluídas aparecerá consignada a causa de exclusión.

7.1 Período de reclamación contra a resolución provisional de solicitudes

As persoas que desexen reclamar contra a resolución provisional de solicitudes teñen desde o **3 de xullo ás 9:00 horas ata o 7 de xullo ás 13:00 horas**. Cada centro encargarase de emendar a información das solicitudes que cargou.

Contra a resolución desta reclamación, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada, no caso dos centros públicos, ou formular reclamación, no caso dos centros privados, ante a persoa titular da xefatura territorial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa comunicación.

Os centros comprobarán a corrección da información das solicitudes que cargaron e terán ata o **día 7 de xullo** ás 14:00 horas para realizar as emendas que sexan necesarias.

8 Resolución definitiva de solicitudes

O día **10 de xullo** poderase consultar de xeito individualizado a información da resolución definitiva de solicitudes empregada para realizar a adxudicación de prazas.

9 Adxudicación e matrícula

A adxudicación de prazas en ciclos formativos de grao básico é única.

O día **10 de xullo** poderase consultar a resolución de prazas adxudicadas en cada ciclo formativo de grao básico. As persoas con praza adxudicada deberanse matricular no prazo abranguido desde o día **10 de xullo ás 9:00 horas ao día 31 de xullo ás 13:00 horas**. Non matricularse na praza adxudicada implicará a perda de todos os dereitos sobre esa praza, sen prexuízo de conservar o posto nas listaxes de espera das peticións de maior preferencia, así como a posibilidade de optar a prazas liberadas.

Todo o alumnado escolarizado na ESO que opte a unha praza nun ciclo formativo de grao básico manterá a súa matrícula na ESO mentres non formalice unha nova matrícula no ciclo formativo de grao básico, no caso de que lle fose adxudicada praza. Igualmente, o alumnado que non obtivese praza para cursar un ciclo formativo de grao básico permanecerá matriculado na praza da ESO no seu centro.

Todas as matrículas do alumnado con praza adxudicada deben rexistrarse en XADE ao longo do mes de xullo.

Os centros con ensinanzas de formación profesional de grao básico tutelarán ao alumnado solicitante e especialmente a aquel en idade de escolarización obrigatoria. Para isto, comunicaranse co alumnado que teña praza adxudicada para que confirme ou non a súa matrícula. No caso das prazas adxudicadas que non se cubran, poderán ser ofertadas ás persoas da listaxe de espera seguindo o proceso de adxudicación continuada.

10 Liberación de prazas

A Dirección Xeral de Formación Profesional determinará os ciclos que poden ser liberados por dispor de prazas vacantes e carecer de listaxe de espera, e tamén os ciclos suprimidos por non ter demanda suficiente para seren impartidos.

As prazas vacantes dos ciclos formativos de grao básico poderán permanecer liberadas **ata o 25 de setembro ás 13:00 horas** para alumnado que acredite o cumprimento dos requisitos de acceso. Os centros efectuarán a matrícula por estrita orde de chegada das solicitudes de matrícula.

A relación dos ciclos formativos coa condición de liberados e o número de prazas dispoñibles en cada un deles poderase consultar na páxina web de formación profesional.

11 Adxudicación continuada

No caso dos ciclos con **listaxe de espera**, abrirase un proceso de adxudicación de prazas vacantes residuais **ata o 25 de setembro ás 13:00 horas**. A adxudicación continuada iniciarase en cada centro **desde o mesmo momento no que se confirmen as vacantes** de prazas adxudicadas ou as baixas de matrícula. Os centros con prazas nesta situación efectuarán chamamentos telefónicos ás persoas que corresponda segundo a listaxe de espera para cubrir as prazas vacantes. As chamadas efectuaranse aos números de teléfono consignados na solicitude de admisión. Procederase á matriculación das persoas que acepten a praza.

Para cada persoa realizarase un mínimo de tres intentos de chamada separados por media hora. Se houber dous teléfonos, intentarase en ambos. **Se finalmente non se localiza a persoa, pasarase á seguinte da listaxe**.

No caso de contactar coa persoa, explicaráselle que ten a posibilidade de matricularse na praza vacante (pódeselle dar media hora para pensalo). A persoa ten dúas opcións logo de recibida a información:

- **Renunciar**: a renuncia é exclusivamente a esa praza. **No resto das listaxes de espera** nas que estivese, **non será modificada a súa posición**, **incluídas as de menor prioridade**, xa que este é un procedemento deseñado para cubrir as vacantes residuais do proceso de admisión.
- **Aceptar**: a persoa terá **24 horas** para entregar toda a documentación necesaria para formalizar a matrícula e iniciar a actividade lectiva. **Non presentarse no prazo implicará a perda do dereito sobre esa praza**. A aceptación da praza significará a renuncia a continuar no proceso de admisión.

Nesta fase do proceso, cada centro chama o alumnado das súas listaxes de espera de xeito independente, polo que non é posible ter en conta a orde de prioridade que cada persoa establecera na súa solicitude de admisión. Deste xeito, pode ocorrer que unha mesma persoa poida ser chamada desde varios centros diferentes; mesmo unha persoa xa chamada neste proceso e pendente de matrícula pode ser chamada por outro centro.

12 Procedemento de matrícula

12.1 Matrícula de persoas con praza adxudicada

As persoas que participen no proceso de admisión centralizado a primeiro curso de ciclos formativos de grao básico e se lles adxudique praza terán que matricularse no período establecido para o efecto. Para efectuar esta matrícula, deberán obter o modelo de impreso de solicitude de matrícula que estará dispoñible en http://www.edu.xunta.gal/fp. Este documento, cuberto coa matrícula e asinado, deberase entregar persoalmente ou por persoa autorizada no prazo de matrícula establecido no centro no que lle fose adxudicada a praza na que se vaia matricular. **Non matricularse na praza adxudicada implicará a perda de todos os dereitos sobre esa praza**, sen prexuízo de conservar o posto nas listaxes de espera das peticións de maior preferencia, así como a posibilidade de optar a prazas liberadas.

12.2 Matrícula de persoas que solicitan prazas liberadas

As persoas que desexen matricularse nunha praza liberada entregarán persoalmente ou por persoa autorizada o modelo de impreso de solicitude de matrícula que estará dispoñible en http://www.edu.xunta.gal/fp (anexo I) xunto coa documentación necesaria, no centro que teña a praza liberada, dentro do período correspondente.

13 Alumnado con praza garantida

13.1 Alumnado que repita 1º curso

O alumnado que repita primeiro curso, por primeira vez no mesmo centro e ciclo, debe presentar solicitude de admisión e matrícula no mesmo centro no que estivese matriculado no curso 2025-2026. O prazo para a presentación desta solicitude e o prazo para formalizar a matrícula son os mesmos que para o alumnado de nova incorporación ao primeiro curso. **Os centros terán que cargar esta solicitude de admisión na aplicación** Ciclosadmisión indicando expresamente a condición de **persoa repetidora.**

13.2 Alumnado que acade a promoción ou que repita o 2º curso

O alumnado que acade a promoción a segundo curso, no mesmo centro e ciclo, ou que repita segundo curso, por primeira vez no mesmo centro e ciclo, presentará a solicitude de admisión e matrícula no mesmo centro no que estivese matriculado no curso 2025-2026. O prazo de presentación desta solicitude será o mesmo que para o alumnado de nova incorporación ao primeiro curso, aínda que estas **non se cargan na aplicación Ciclosadmision**. A presentación da solicitude terá consideración de matrícula e permitirá ao centro realizar o seu rexistro na aplicación informática XADE.

14 Alumnado sen praza garantida

14.1 Alumnado que repite curso no mesmo ciclo pero cambiando de centro

O alumnado que se atope nesta situación pode repetir curso nun centro diferente sempre que haxa prazas liberadas, polo que se recomenda formalizar a matrícula no centro no que cursou o ano anterior, e só no caso de poder executar o cambio, anular a matrícula no centro de orixe e matricularse no novo centro ao que desexe acudir.

14.2 Alumnado que cursou un ciclo formativo de grao básico e quere cambiar a un ciclo formativo de grao básico diferente

O **alumnado que non teña feitos 16 anos no período de presentación de solicitudes** de admisión, que cursase un ciclo formativo de grao básico no curso 2025-2026 e queira iniciar un ciclo formativo de grao básico diferente para o curso 2026-2027, está obrigado a formalizar a súa matrícula no ciclo formativo de grao básico iniciado no curso 2025-2026 e só poderá incorporarse a un ciclo formativo de grao básico diferente se este conta con prazas liberadas ou ben reincorporarse á ESO.

14.3 Alumnado que promove a 2º curso nun centro diferente

O alumnado que promove a segundo curso pero decide facelo nun centro diferente ao que cursou primeiro, deberá presentar a solicitude no centro de destino e o acceso só será posible se hai vacante. En caso de que haxa máis solicitudes deste tipo que prazas, estas asignaranse a aquelas persoas coa maior nota media dos módulos do primeiro curso.